Traballo de apoio

Sección 2:

1. Pode un texto ser oral ou escrito?
En caso de resposta afirmativa, di por que. En caso de resposta negativa, le o apartado 1 (*Definición*) dos documentos imprimibles.

2. Inflúe a coherencia na correcta interpretación dun texto por parte do receptor?
En caso de resposta afirmativa, explica a resposta. En caso de resposta negativa volve ler o parágrafo dous do apartado 1 (*Definición*) dos documentos imprimibles.

3. É o código importante para interpretar un texto?
En caso de resposta afirmativa, explica por que. En caso de resposta negativa le o parágrafo 7 do apartado 1 (*Definición*).

4. Cómpre tamén coñecer a intención do emisor, para interpretar un texto?
En caso de resposta afirmativa, explica por que. En caso de resposta negativa le o parágrafo 7 do apartado 1 (*Definición*).

5. Teñen tamén os textos un significado implícito ou sobreentendido?
En caso de resposta negativa le o parágrafo 8 do apartado 1 (*Definición*).

6. A clasificación dos textos en orais e escritos, baséase na intencionalidade?
En caso de resposta afirmativa, explica a resposta. En caso de resposta negativa, di en que se basea, entón, esa clasificación e se hai algunha clasificación que teña en conta a intencionalidade.

7. Pódense subclasificar os textos orais?
En caso de resposta afirmativa, indica a subclasificación. En caso de resposta negativa, explica por que.

8. Os textos informativos, argumentativos e prescritivos ben construídos diferéncianse na estructura?
En caso de resposta afirmativa, indica as partes de cada un. En caso de resposta negativa, volve ler os apartados 2.2.3 (*Textos expositivos*...), 2.2.4. (*Textos argumentativos*...) e 2.2.5. (*Textos prescritivos*...)

9. ¿Exclúen os textos literarios calquera outra tipoloxía baseada na intencionalidade?
Explica a resposta afirmativa ou negativa.

10. Ás variantes socioculturais denominámolas niveis de lingua ou niveis lingüísticos. Normalmente diferenciamos tres niveis de lingua, cales son?

SOLUCIÓNS:

1. Pode, porque a canle de transmisión de información non condiciona que a mensaxe constitúa ou non un texto. Este caracyerízase pola coherencia, a cohesión, o contido e a intencionalidade, características que se poden e se deben dar nun texto oral ou escrito.

2. Porque a coherencia supón que o texto está ben estructurado, que ten unha unidade temática e unha información pertinente. A falta destas características fai incomprensible para o lector común algunha literatura vangardista.

3. Porque, de non ser así, non se poderían decodifica-los enunciados.

4. Porque todo emisor presenta e estrutura a súa información conforme a unha intención.

5. O parágrafo 8 do apartadop 1 dime que si.

6. Esa clasificación baséase na canle de transmisión da mensaxe. Na intencionalidade baséase a clasificación que permite clasifica-los textos en informativos ou expositivos, argumentativos ou persuasivos, prescritivos ou instrutivos e literarios.

7. En textos planificados (conferencia, discurso,...) e non planificados (conversa).

8. A estructura dun texto informativo consta de introdución, desenrolo e desenlace; a dun texto argumentativo, de introdución, exposición, argumentación e conclusión; e a dun texto prescritivo, de meta e programa.

9. Porque o texto literario o que fai é engadir unha intencionalidade estética que predomina sobre calquera outra intencionalidade, pero non exclúe a intencionalidade informativa, argumentativa ou prescritiva.

10. Nivel vulgar, nivel popular e nivel culto.